

# O Viaxeiro

Revista escolar anual do Centro de Educación Especial

Núm. 19




“TERRA DE FERROL”

Xuño 2019



20 ANIVERSARIO

Júbelo  
con nós!



ARTE



COLABORATIVO

A árbore de Nadal cooperativo



A nube dos deseños de Paz



Mural creativo feito polo alumnado baseado no conto "Lúa" do autor Pablo Patinho



# ÍNDICE

Arte colaborativo.....	02
Indice.....	03
20 Aniversario.....	04
A nosa clase é divertida.....	05
Un ano cheo de sorpresas,,, .....	07
Intervención educativa con animais.....	09
Estimulación Multisensorial.....	10
As nosas celebracións.....	12
Desenvolvemento motriz.....	13
Aprendemos cos sentidos.....	14
Un bonito encontro / Compartindo experiencias.....	16
Ola!.....	17
Historias no meu mundo.....	19
Somos un grupo divertido e traballador!!!.....	21
Equipo Águila un equipo con nome propio.....	23
Preparados, listos... A comprar!.....	25
Un traballo de aula.....	26
Recreos na biblio.....	28
Fisioterapia respiratoria.....	31
O sabor da aventura está no mar.....	33
Unha Vixaxe ao Antigo Exipto.....	36
Descubrindo novas emocións.....	38
Terras de Salitre - Con moito agarimo.....	40
Programa Formativo Xardinería e Viveirismo.....	41
Bautismo de mar.....	45
Que visita más bonita!.....	46
Carreira contra a fame.....	48
O recuncho da ciencia.....	49
8-M.....	51
Proxecto Voz Natura.....	53
Programa Formativo de Servizos de Restauración.....	55
As nosas actividades do Internado.....	59
Nunca deixamos de pasalo ben.....	61
Ola! benvidos ao obradoiro de Carpintaria.....	64
PROA.....	66
Aprendices de disc-jockey.....	67
Semana das Letras Galegas.....	68
Xornada de Convivencia.....	71
Deporte terapéutico na escola.....	72
Aprendendo a escouitar.....	73
Un momento entrañable.....	74
Protexendo o noso mundo.....	75

**ELABORACIÓN  
DOS ARTIGOS**  
Persoa Docente  
Alumnado  
Persoa non Docente



**CURSO 2018-2019**

**COORDINADORA**  
Beatriz Lorenzo

**EXEMPLAR GRATUITO**



## 20 Aniversario

"O noso tren O VIAXEIRO xa arranca; esta é a súa primeira viaxe, a cal, non sei se será moi longa.... M<sup>a</sup> Mar e Manuel".

Así comenzaban estes dous compañeir@s a editorial da revista número cero no ano 1999, e curso tras curso fomos capaces de seguir viaxando ata chegar a cumplir este ano o vinte aniversario.

Como coordinadora da revista durante estes dezanove anos dicir que a finalidade desta actividade pedagóxica colaborativa foi transmitir as experiencias, vivencias e sensacións do alumnado a través dos recursos expresivos más axeitados ao seu nivel comunicativo: escritos, imaxes, debuxos, fotografías..., e sempre coa mesma ilusión de demostrar á sociedade, que en calquer ámbito da vida: educativa, social e cultural, a Integración, Socialización e Normalización é posible, habendo un lugar para cada persoa e para todos e todas.

Merece a pena recordar neste longo percorrido algunas paradas no camiño para recoller os recoñecementos públicos da sociedade ó esforzo e traxectoria constante do noso Centro, en prol da integración dos discapacitad@s, do desenvolvemento dos proxectos e formación ambiental, poñendo en valor o respecto pola natureza, a reciclaxe e agricultura ecolóxica, da educación por un consumo responsable, da educación artística e deportiva..., entre eles:

Premio de Educación de "Once Galegos da Solidariedade" 1999

Insignia de Ouro do Concello de Ferrol 2000

Premio Medio Ambiente de Galicia 2001

Premio de Innovación Educativa 2001

Premio Carro de Plata 2001

Mención especial na XI Gala do Deporte Ferrolán 2001-02

Premio no 2º Certame de teatro infantil e xuvenil Atenea 2004

Premio ao Proxecto de Educación do Consumidor na escola 2006

Premio Aproema Educa 2012

Premio 20 Aniversario Voz Natura 2017

Premio ao mellor Video Medioambiental Voz Natura 2019

Quedan máis sen poder mencionar, como todos aqueles traballos individuais ou de colectivos más reducidos de alumnado que son igualmente importantes, pero todos estos recoñecementos que sempre son gratificantes, non deixan de ser pequenos avances no longo camiño da igualdade de oportunidades, onde os auténticos protagonistas son os nosos alumnos e alumnas, encantados de seguir viaxando no noso tren outros vinte anos máis.

Beatriz L.



# A NOSA CLASE É DIVERTIDA

Ao longo deste curso, na nosa clase, traballamos, xogamos e aprendemos. Realizamos actividades variadas; o mesmo facemos un colar de castañas seguindo as tradicións, como pintamos un mural. Estas serven para que coñezamos o mundo que nos rodea, e como interactuar con el. Tamén viaxamos coa imaxinación a distintos puntos do planeta, coñecendo outras culturas e civilizacións.

Ademais disto, participamos nas actividades e celebracións colectivas do centro, fomentando o compañerismo. Entre estas están o Magosto, o festival de Nadal, o Día da Paz... Como non todo é estar no colexo, imos ao Correlingua, a obras de teatro e a exposicións.

Encántannos as propostas que parten da biblioteca, como contacontos, actividades no recreo ou o préstamo de libros.





# UN ANO CHEO DE SORPRESAS...

## PROXECTOS



ITALIA



EXIPTO

## FESTAS



ENTROIDO

## ANIVERSARIOS



PABLO



JULIA



MARTÍN

UN ANO CHEO DE SORPRESAS... PROXECTOS

## E PREMIOS



## POESÍA E IMAXE



ALUMNADO



## INTERVENCIÓN EDUCATIVA CON ANIMAIS

No Centro organizamos unha sesión de intervención asistida con animais con profesionais da Asociación Bocalán Galicia.

O obxectivo era motivar e potenciar as funcións físicas, emocionais e cognitivas do alumnado.







A interacción e o contacto coas cadelas facilitou que os nenos e nenas expresasen as súas emocións con sorrisos, caricias, verbas..., mellorando a comunicación en un ambiente de tranquilidade e relaxación.



# ESTIMULACIÓN MULTISENSORIAL

Na aula de estimulación multisensorial contamos con moitos recursos para traballar cos nosos alumnos, que se amosan moi receptivos e contentos neste espazo de aprendizaxe. Aquí sentimos, oímos, ulimos, tocamos, vemos, coñecemos e experimentamos co noso corpo...e sobre todo, compartimos bons momentos!





## AS NOSAS CELEBRACIÓNS

Durante o curso preparamos moitas actividades para as celebracións comúns nas que colaboramos todos os compañeiro e compañeiras do colexio como cando nos xuntamos para:

O Magosto e Samain, O Nadal, O Día da Paz e os Maios entre outras.

Fixemos murais, xogos, concursos, lecturas, bailes, obras de teatro e pasámonos moi ben.

Tamén aprendimos a axudarnos entre todos e conécternos un pouco máis.

Kiko






Entrega de agasallos aos alumn@s premiados no Concurso Tarxetas do Nadal



# DESENVOLVEMENTO MOTRIZ

AS ACTIVIDADES QUE REALIZAMOS DENDE A AULA DE PSICOMOTRICIDADE TEÑEN COMO FINALIDADE O DESENVOLVEMENTO DAS POSIBILIDADES MOTRICES, EXPRESIVAS E CREATIVAS.




PERO, SOBRE TODO, O  
QUE MÁS  
BUSCAMOS

É... PASALO BEN!!!



## APRENDEMOS LOS SENTIDOS

Na nosa aula....



Aprendemos con xogos didácticos e lúdicos.



A música sempre está presente.



Exploramos na búsqueda de tesouros e pintamos papiros.



Colaboramos con Voz Natura coa sementeira de carballeiro





Celebramos o Día  
da PAZ con esta  
mensaxe.

A PAZ  
COMEZA  
CUN  
SORRISO





Traballamos moito  
facendo os traxes e  
os complementos  
para estar elegantes  
no ENTROIDO.



Todos contentos porque chegou a Primavera, os Maios e....

AS VACACIÓNIS.



## UN BONITO ENCONTRO

Estivemos moi atentos ao conto "A que sabe a lúa" que lerón e representaron con figuras dos personaxes un grupo de usuarias dun centro de maiores. Despois charlamos con elas pero eu non preguntei nada. Entregámoslle uns agasallos. Gustoume o conto.

Daniel



## Compartindo Experiencias

Pasamos unha mañá xenial no centro La Salle compartindo cos alumnos e alumnas de 4º curso as nosas experiencias nos nosos colexios, falamos das cousas que nos gustaban a cada un, e dos nosos hobbies.

Eu fixeñ un baile para todos, eu paseino moi ben.

Carmen \*




# O LÁ!

Este foi un curso de moitas experiencias: tocamos moita música, pintamos, xogamos, recibimos visitas marabillas, disfrazámonos e argallamos moito. Pasámolo xenial!



Pero sobre todo, compartimos experiencias únicas.



# HISTORIAS NO MEU MUNDO

ESTE CURSO 2018/19 CONTINUAMOS VIAJANDO C O RATO ROI ARREDOR DO MUNDO.





COMA DE COSTUME PUXEMOS AS NOSAS MELLORES GALAS




E CELEBRAMOS FESTAS, FIXEMOS SAÍDAS,...



PERO NON TODO ÍA SER TROULA, POLO CAL TIVEMOS QUE TRABALLAR



E TRABALLAR...



E AGORA QUE A NOSA VIAXE CHEGA AO SEU FIN MERECEMOS UN DESCANSO.  
*Adonai, David, Felipe, Marcos e Manuel.*




**SOMOS UN GRUPO DIVERTIDO E TRABALLADOR !!!!!!!**

**Rafa en xardinería**



**Isa é “unha letrada”**




**Que ben o  
pasamos o día  
que viñeron  
as “mascotas  
terapeúticas”**



Somos un grupo Divertido e Traballador !!!!!

Rafa e Lucas facendo quebra-cabezas





Sara e Juan Marcos  
celebrando a primavera



## EQUIPO ÁGUILA

### UN EQUIPO CON NOMBRE PROPIO



## EQUIPO ÁGUILA UN EQUIPO CON NOME PROPIO



A HISTORIA DUN EQUIPO, CON MOITAS GAÑAS DE APRENDER E DE ENSINAR,  
DE CONVIVIR E COMPARTIR, E SOBRE TODO DE SENTIR E SER FELIZ



## PREPARADOS, LISTOS... A COMPRAR!

Tivemos no colexio unha charla dunha traballadora do Eroski que nos explicou como funcionaba o supermercado, os departamentos que había e como mercar. Puxonos un video para aprender como respectar as filas cando chegamos as caixas coa compra. Logo visitamos o supermercado percorrendo as instalacións e ao remate invitáronos a unha merenda sana.

Outro día tamén fomos a Alcampo. Con estas actividades aprendimos moito. *Deienfe*



# UN TRABALLO de AULA

Na nosa aula fixemos moitos traballos sobre Exipto.

Fixemos unha pirámide con cartón e varias pirámides de azucré, unha momia que quedou moi Bonita, un sarcófago e colgantes.

Disfrazámonos con traxes de personaxes de Exipto.

Os traballos que fixemos foron expostos nunha aula para que todos os compañeiros os poidesen ver. Traballamos moito pero foi moi Bonito.

Luis



Un Traballo de Aula






# RECREOS NA BIBLIO

Este curso, o rato Roi e o equipo da biblioteca, comezamos a ofertar ao noso alumnado diferentes actividades e obradoiros no seu tempo de lecer. A continuación amosámosvos unhas imaxes do ben que o pasamos. Se queredes ver estas e outras moitas actividades que realizamos, visitade: <http://orecunchodoratoroi.blogspot.com/>



## MESA DE LUZ





## XOGAMOS COA Wii



## "NON É UNHA CAIXA"




## ILUMINAMOS A BIBLIO



## SEMANA DA CIENCIA



## TALLERES CON ARTE



Con tantas actividades  
non nos cansamos de rir.  
Así que o vindeiro curso  
esperamos repetir!



## FISIOTERAPIA RESPIRATORIA

Dentro das distintas modalidades específicas de fisioterapia que levamos a cabo cos alumnos/as do centro (fisioterapia neurolóxica, manual,...), este ano queríamos destacar a importancia dunha serie de técnicas, menos coñecidas polo público en xeral, pero moi importantes no noso traballo diario, como son as técnicas de fisioterapia respiratoria.

De feito, os problemas respiratorios son a primeira causa de morbimortalidade en nenos con problemas neuromusculares e dano cerebral adquirido.

Os obxectivos a acadar a nivel respiratorio dependerán do estado funcional de cada alumno/a, que é moi diverso a nivel respiratorio, pero de forma xeral, podemos dicir que ó empregar técnicas de fisioterapia respiratoria pretendemos:

- Mellorar a capacidade de ventilar.
- Eliminar ou evitar na medida do posible acúmulo de secrecóns tanto das vías superiores como das inferiores.
- Fortalecer a musculatura tanto inspiratoria como espiratoria.
- Mellorar a permeabilidade das vías respiratorias.

Dentro das distintas técnicas de fisioterapia respiratoria, podemos dividilas en varios grupos:

- Activas, cando o alumno/a colabora e fai a técnica ca nosa supervisión pero sen axuda. Por exemplo, exercicios de soprar.
- Pasivas, cando por falta de colaboración ou a finalidade da técnica, esta é realizada polo fisioterapeuta. Por exemplo, provocar a tose para mobilizar secrecóns.
- Activo - asistidas, cando a técnica combina as dúas anteriores. Por exemplo, exercicios de respiración diafragmática.

Como co resto de traballo que realizamos, sempre intentamos que sexa o máis lúdico posible para eles, xa que é fundamental que os alumnos/as traballen xogando.



Estas son algunas das técnicas de fisioterapia respiratoria:



M<sup>a</sup> Carmen L. / Beatriz P.  
Fisioterapeutas







# O SABOR DA AVENTURA ESTÁ NO MAR

8-11-2018  
Y  
O sabor da aventura  
está no mar.  
O dia 31 de outubro foi moi  
especial de viaxe a Cedeira  
acabamos de chegar.  
Estivemos na lancha, comezando  
diferentes tipos de pesca, así  
como peixe e outros produtos  
do mar, para levar a compra  
fresca. *Daniel*



## O SABOR DA AVENTURA ESTÁ NO MAR





# UNHA VIAXE AO ANTIGO EXIPTO

A  
C  
O  
R  
T  
E  
D  
O  
F  
A  
R  
A  
Ó  
N



OS DIOSES EXIPCIOS



OS ESCARAVELLOS SAGRADOS



OS  
ANUBIS



UN ENTROIDO ESPECTACULAR!!



# DESCUBRINDO NOVAS EMOCIÓNNS





ASÍ DE GRATIFICANTE FOI ESTA SESIÓN DE EQUINOTERAPIA!!



# TERRAS DE SALITRE

Cristina Mittermeier

Visita á Exposición e participación nun obradoiro de collage e pintura



## CON MOITO AGARIMO

Durante todo o curso coidamos con moito agarimo o noso galinero ecolóxico

lucía


ff



## PROGRAMA FORMATIVO XARDINERÍA E VIVEIRISMO

Os alumn@s de xardinería queremos compartir algunas das actividades que realizamos neste curso como xardineir@s e viveirist@s con vós.






Mantemento  
zonas verdes







# BAUTISMO DE MAR



Un paseo en barco pola ría de Ferrol, os castelos de A Palma e San Felipe adornan do mellor.

Vimos un barco por dentro cunha maquinaria de impresión no que tamén se dan clases como no noso Terra de Ferrol. Historias impresionantes con ataques piratas incluídos que causaron feridos.

Gracias aos militares por tanta valentía e ensinanza.

Foi un día xenial o noso bautismo do mar.

daniel



Marco

el miércoles me gustó andar en barco fuimos al Castillo de San Felipe



# QUE VISITA MÁIS BONITA!

Visitamos aos bombeiros de Ferrol.

Ensinaronos as instalacións, eran moi grandes. Vimos os coches, os traxes, as mangueiras, as escaleiras e moitas cousas más moi interesantes.

Nos amosaron como é o seu traballo e como preparan e coidan os camións e todos os materiais.

Probamos os traxes, subimos aos coches e utilizamos as mangueiras que teñen moita forza.

As escaleiras son moi altas para poder chegar aos edificios altos. Cando hai un incendio utilizan máscaras de gas polo fume.

Os traxes son dun material especial, pasámolo moi ben.

Foron moi amables e dámosselles as GRAZAS.

- PHOL: O QUE MÁIS MEGUSTOU FORON AS MANGUEIRAS.
- KEVIN: GUSTOUME O CAMIÓN ANTIGO.
- CRISTIAN: MEUS AMIGOS OS BOMBEIROS.
- LUIS: gustáronme as ferramentas do camión.



Que visita más bonita!



# CARREIRA CONTRA A FAME

Celebramos no noso centro unha carreira solidaria a favor da ONG "SAVE THE CHILDREN". Todo o alumnado do centro participou, e buscou patrocinadores para as súas voltas. Entre todos logramos recadar 297,30 Euros!!!! A ONG ca que colaboramos, mandounos un diploma.



# O RECUNCHO DACIENCIA



Un grupo de científic@s revolucionaria o  
**"Terra de Ferrol"**

**Unha explosión de escuma invade as nosas aulas...**

**¿ATRÉVETE A FACELO CONNOSCO?**

**...que precisas:**



- **Auga oxixenada** (ao 30%. Podes atopala en farmacias)
- **Lévedo** (levadura)
- **Auga quente**
- **Xabón líquido**
- **Funil**
- **Culler**
- **Botella plástica**
- **Luvas e lentes protectoras.**

*...como o fixemos*

**Paso 1:** Verte na botella 200 ml. de auga oxixenada.

**Paso 2:** Verte agora medio vaso de xabón líquido.

**Paso 3:** Nun vaso aparte, mistura lévedo con auga quente.

**Paso 4:** Coa axuda do funil, verte na botella a auga co

lévedo e.....

## IMPORTANTE

**FAINO EN PRESENZA DUN ADULTO. NON TOQUES A ESCUMA SEN LUVAS, PODE IRRITAR A PEL E OS OLLOS.**



# ...booomba de escuma



## @S NOS@S CIENTÍFICO@S



### CARNÉ DE CIENTÍFICO

NOME: \_\_\_\_\_

SINATURA E FOTO



### CARNÉ DE CIENTÍFICA

NOME: \_\_\_\_\_

SINATURA E FOTO



# 8-M

O 8 de marzo celebramos o día internacional da muller. Cada aula realizou un traballo sobre unha muller e despois presentáronnola a todo o centro. Mulleres como:



**GUADI GALEGO**  
Recoñecida cantante galega



**REBECA ATENCIA**  
Veterinaria que traballa na  
rehabilitación de primates



**ÁNGELES ALVARIÑO**  
Primeira científica nun  
buque de investigación



**MARUJA MALLO**  
Unha das principales artistas  
da xeración do 27.



**IRENE GONZÁLEZ BASANTA**  
Primeira muller dianteira centro,  
guardameta e capitana dun  
equipo de homes



**CONCEPCIÓN ARENAL**  
Primeira muller en ir á  
universidade.







## PROXECTO VOZ NATURA



Participouse no curso 2018-2019 co proxecto "CEE Terra de Ferrol cos bosques autóctonos". Co proxecto propagamos planta autóctona co alumnado do centro educativo. Concienciamos ao alumnado da importancia das especies autóctonas e dos seus aproveitamentos .Traballamos de forma multidisciplinar especies autóctonas, reforestación, aproveitamentos, prevención de incendios, coñecemento do noso medio, etc.

Algunhas das moitas actividades que fixemos foron: Un rosco de pasapalabra e un escape room relacionados cos bosques galegos, unhas medallas de madeira de freixo para os gañadores e sementeiras de carballos, sobreiras, loureiros, freixos e bidueiros.






Escape room



A nosa producción de  
sobreiras e carballos



## PROGRAMA FORMATIVO DE SERVIZOS DE RESTAURACIÓN



Aínda lembro o primeiro día do curso... Quen tiña mais nervios? Aqueles rapaces e rapazas que observaban cada un dos meus movementos ou eu? Non sabería ben que resposta darvos, pero o que si teño claro a día de hoxe é que, sen lugar a ningunha dúbida, aprendín moitísimo de todos e todas elas ao longo deste camiño. Intentei aprenderelles un pouquiño a desenvolverse no mundo da hostalería, e os resultados foron mais que satisfactorios, porque o que si que conseguimos foi facer o noso traballo nunha contorna de respecto e compañirismo.

Aquí vos deixo algunas das actividades que realizamos, pero non sen antes agradecer a Sabela, Oussama, Marco, Álex, Cristian, Lara, Carlos, Diego, Antía, Carmen, Sandra, Víctor, Miguel e Deiene todo o seu esforzo, e tamén a Valentín, pois sen o seu apoio nada disto sería posible. GRAZAS!

Susana





### POÑENDO AS MESAS NO COMEDOR



### ENTRE FOGÓNS E COCTELEIRAS



### E TAMÉN TIVEMOS TEMPO PARA A DIVERSIÓN





### **UN BO SERVIZO!**

Damos as grazas ao **IES Leixa** por contar co CEE Terra de Ferrol e convidarnos ás IV Xornadas de Técnicos en Coidados Auxiliares de Enfermaría e Técnicos en Emerxencias Sanitarias para dar o servizo do coffee-break e o do xantar, colaborando co **IES Fraga do Eume**, que nos acompañaron en todo momento e nos ensinaron a realizar un bo servizo.



Gustounos moito a experiencia do evento e aprendemos moito. Pasámolo ben e recomendámolo facer (a pesar dos nervios), sobre todo porque fomos conscientes do traballo que teríamos que facer se nos dedicamos á hostalería.

Mola traballar coa xente porque aprendemos todos xuntos.

Antía, Diego e Sabela





## **AS NOSAS PRÁCTICAS NA COCIÑA ECONÓMICA**

E no último trimestre do curso realizamos as nosas prácticas. Foi unha experiencia moi bonita porque fixemos distintas actividades relacionadas coa cociña, e tamén foi moi divertido.

A Cociña Económica fai unha labor social moi boa. O persoal que traballa alí (María, Fina, Fátima, Cecilia, Elena, María e Eva) foron moi amables, e sempre nos explicaban cando non sabíamos algo.

Para Deiene o máis orixinal foi que fixeron unha tortilla de espaguetes, e o que menos nos gustou (para os tres)... que durase un mes só.



Deiene, Antía e Oussama



# As nosas actividades do internado

Ó longo deste curso dende o internado, e seguindo na liña da adquisición e mellora das habilidades da vida diaria, tentamos mellorar e adquirir hábitos que nos axuden na nosa independencia e no coidado persoal ó mesmo tempo que nos mantivemos activos no tempo de lecer con actividades dentro e fora do colexio.

Cando o tempo acompañou e despois de asistir ás actividades programadas fixemos saídas polos arredores de Ferrol e coñecemos lugares moi interesantes. Así mesmo tivemos a oportunidade de participar nas actividades que desenvolve a asociación Vida Activa no Local Social A Solaina. Informática, manualidades, baile e a Liga Activa de Baloncesto e Futbol foron actividades coas que disfrutamos do tempo de lecer que nos queda despois das clases. Tamén tivemos tempo para xogar á oca, ó parchís, á play, ó bingo, ir ó cine, andar nas bicis e para celebrar os aniversarios.

**Pola mañá despois de erguernos, ducharnos e arranxarnos, recollemos a habitación e imos a almorzar. Ás 9:30 é hora de ir a clase, non sen antes cepillar os dentes**






**Nas actividades que organiza a Asociación Vida Activa aprendemos e facemos exercicio aproveitando o tempo de lecer**




## As nosas actividades do internado

Este curso visitamos diferentes lugares como A Cabana, Doniños, Valdoviño, Cabanas, Pontedeume, Neda, San Felipe, Ares ... ademais de ir ó Carrefour ou a pasear por Ferrol. O exercicio físico é importante, saír e pasalo ben tamén



Celebramos os aniversarios e como é un día especial tomamos torta







## NUNCA DEIXAMOS DE PASALO BEN

Na actividade extraescolar de Brincadoiro divertímonos moito e facemos exercicio mentres xogamos.



Cos xogos musicais bailamos o ritmo da música.



Gústanos cando nos relaxamos antes de acabar a clase.



Na actividade de Informática aprendemos a usar as novas tecnoloxías para que o seu uso diario sexa moito máis sinxelo.



En datas sinaladas coma o Nadal ou no fin de curso, os alumn@s de brincadoiro e Informática xuntámonos e compartimos panxoliñas, bailes e xogos.



Iso sí, nunca deixamos de pasalo ben!

Marina / Alberto

Monitores de La Guagua



## OLA! BENVIDOS AO OBRADOIRO DE CARPINTARÍA

Continuamos coa nosa teima de aprender divertíndonos. Todos aportamos o noso gran de area por pequeno que sexa. Cada un dentro da súa diversidade vai facendo o que pode, o importante é participar: os más pequenos iniciandose no uso das ferramentas manuais e facendo cousas sinxelas, e os más maiores perfeccionando o aprendido en anos anteriores.



Continuamos fomentando o traballo en equipo, é importante saber e acostumarse a colaborar os uns cos outros. Para iso facemos traballos compartidos, e tamén axudando aos menos hábiles a adquerir mellor destreza no traballo



Mais non só traballamos a madeira, tamén traballamos as relacións sociais, e dicir: aprendemos a relacionarnos entre nós, aceptando as diferentes diversidades de cada un; xogamos a xogos de mesa (parchís, oca, etc.) co fin de aprender a gañar e a perder, a comunicarnos independentemente do medio e a empregar (fala, língua de signos, sinais, debuxos, etc.).



A algúns custalle mais ca outros, mais todos imos participando que é o importante. Vélai amosamos unhas fotografías de distintos momentos do traballo.



## TRABALLOS EN EQUIPO



## TRABALLOS INDIVIDUAIS



Este ano como novidade estamos facendo o seguimento do nacemento e desenvolvemento dunha niñada de paxaros, que fixeron o niño dentro do taller. Xa levamos visto a construción do niño, a posta de ovos, o nacemento e agora estamos na fase de crecemento. Vemos como os pais danles de comer, que por certo é un arduo traballo, son catro paxariños. A ver se nos da tempo a velos saír voando antes que remate o curso.



Carta dunha alumna:

Buenos días a todos, bueno lo que hacemos en carpintería es lo que nos gusta, como por ejemplo: cohete, corazones, bandejas, etc.

Mientras que hacemos esto el profesor nos va explicando y enseñando como hacerlo, lo hacemos escuchando música en bajito. Yo lo que digo es que me gusta estar en carpintería y lo que aprendo me encanta.




## PROA

Un curso máis desenvolveuse o Programa de Reforzo, Orientación e Apoio.

Realizáronse diversas actividades como charlas sobre o uso responsable das novas técnoloxías, sobre o control das emocións e outras para mellorar as relación interpersonais e sociais.

Valoramos a importancia dunha vida saudable a través da elaboración de muráis e información do menú diario con Radio Proa con consellos saudables para todo o alumnado e persoal do centro.



Potencióuse a integración, socialización e normalización fomentando as saídas polo contorno, e asistencia a actos culturais e de ocio mellorando o clima afectivo-social e a consolidación do grupo.



# APRENDICES DE DISC-JOCKEY


O grupo do PROA xunto con outros compañeiroas pasamos unha tarde xenial aprendendo a manexar a mesa de mezclas, facendo tamén entrevistas no estudo de radio, e bailando ao son do xogo de luces que prepararon os alumnos e alumnas do IES Saturnino Montojo no seu polideportivo. Ao remate das actividades fixemos un photo-call.

Alejandro



# SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

Este ano o día das letras galegas foi adicado a Antonio Fraguas. Para conmemorar esta data e coñecer ao homenaxeado fixemos unha chea de actividades!



## VISITA DE GHAZAFELHOS

Coa máquina do tempo viaxamos polo pasado e coñecimos a personaxes moi interesantes das diferentes épocas.



**LECTURA DAS FAMILIAS.** Estamos encantados de recibir ás familias para compartir connosco un tempo de lectura en galego.




REALIZAMOS UNHA XORNADA DE ACTIVIDADES. Por equipos iamos rotando polos diferentes obradoiros propostos.

## PASAPALABRA



## MARCAPÁXINAS






## ALFOMBRA DE FLORES E BAILE



## XORNADA DE CONVIVENCIA





Ares






A Coruña



## DEPORTE TERAPEÚTICO NA ESCOLA



No noso centro levamos moitos anos potenciando a actividade acuática como medio para axudar ao desenvolvemento integral do alumnado, mellorando as súas capacidades físicas, a mobilidade corporal, a autonomía e as relacións interpersonais.



## APRENDENDO A ESCOITAR

Ao longo do curso traballamos cos alumnos e alumnas a necesidade de aprender a expresar e **identificar as emocións e os comportamentos** dos seus compañeiros e compañeiras.

A primeira mensaxe que intentamos transmitir, é que a meirande parte dos conflitos nos que se ven envoltos os adolescentes, xurden na comunicación, debidos, principalmente, a erros na interpretación das mensaxes na interacción cos demais.

Para asegurar unha boa comunicación é importante aprender dúas habilidades básicas: saber comunicar, e sobre todo, **saber escoitar.**

Estas estratexias acádanse desenvolvendo actividades grupais e individuais, nas que os alumnos e alumnas representan e interpretan diferentes situacións asociadas a unha emoción específica o que mellora a súa capacidade empática, aspecto fundamental para poder manter relacións persoais saudables.

A través da **escoita activa** favorecemos unha maior comprensión das mensaxes, conseguindo que a outra persoa se sinte escoitada, demostrándolle que entendemos o que nos está a contar. Deste xeito, creamos un clima de confianza que favorece a comunicación entre os alumnos e alumnas.

A **escoita activa**, consiste nunha forma de comunicación que amosa ao falante que quen o escoita está a entendelo. Esta habilidade engloba, non só a capacidade de entender o que se nos verbaliza, senón tamén a facultade para entender os sentimientos, ideas e pensamentos que acompañan ao que se di.

Tampouco podemos descuidar a importancia da **comunicación non verbal**. A linguaaxe corporal revélanos moitas cousas que as palabras non din. A través das miradas, o sorriso, a postura e incluso a orientación corporal, transmitimos actitudes e sentimientos que poden conter máis información que as propias verbas.

Todos estes aspectos lévanos a un obxectivo xeral de redución da conflitividade dentro do grupo, potenciando un clima de confianza entre os alumnos e alumnas, que se poda xeneralizar fóra do contexto escolar.

Promovemos, deste xeito, unha mellora das habilidades sociais, que lle permita ao alumnado desenvolver un pensamento crítico, levar a cabo actividades de compromiso ou negociación e resolver con éxito situacións de conflito que lles poidan acontecer no seu día a día, favorecendo así a súa **autonomía** e o seu desenvolvemento persoal, acadando a máxima independencia posible.

Destacamos a importancia da comunicación interpersonal e da escoita activa como ferramentas básicas para a solución de conflitos e mellora da convivencia no centro escolar.

Lupe Pombo / Emma Román  
Psicóloga / Psiquiatra



## **UN MOMENTO ENTRAÑABLE**

**Como sabedes finalizo a miña etapa como Directora do Centro xunto co meu Equipo Directivo, e onde mellor facelo que na nosa revista “O Viaxeiro” que cumpre xa vinte anos na súa viaxe.**

**Ao longo destes anos de servizo como Equipo Directivo, procuramos cumplir coas funcións que nos foron encomendadas, intentando en cada momento traballar para atopar as mellores solucións para todos e todas, en especial, para o noso alumnado, que foron moitos os que pasaron e están no Centro.**

**Gardamos moi bos recordos da nosa etapa na Dirección vivindo momentos moi importantes xunto co profesorado, co persoal e a Administración ao longo da historia do noso centro contando coa súa confianza, apoio e colaboración, algunas veces en momentos difíciles que tamén os houbo.**

**Un recodo para as diversas anpas e familias coas que traballamos.**

**A nosa gratitud a todo o profesorado e persoal non docente que traballou con nós pola vosa entrega e dedicación durante todos estes anos nos que se conseguiron resultados moi satisfactorios e dos que nos sentimos especialmente orgullosos.**

**O noso Centro é un referente desde hai moitos anos no ámbito educativo onde sempre se traballou pola transversalidade có obxectivo de conseguir a integración, a apertura, a normalización e inclusión do noso alumnado nunha sociedade que sexa aberta en igualdade de oportunidades.**

**Os nosos mellores deseños para o Centro e para toda a Comunidade Educativa.**

**Un forte abrazo do Equipo Directivo,  
M<sup>a</sup> Carmen Rodríguez  
Juan Jesús Arias  
Beatriz Lorenzo**



# PROTEXENDO O NOSO MUNDO

O CEE TERRA DE FERROL SEMPRE COIDANDO A NATUREZA  
E O MEDIO AMBIENTE.

TARXETA do Nadal premiada feita con papel reciclado.



MAIO feito con flores e plantas naturais recicladas entre todo o alumnado.

## PREMIO AO MELLOR VIDEO MEDIOAMBIENTAL VOZ NATURA




Asistencia ao Museo de la Voz de Galicia para recoller o Premio pola realización do video titulado "OS NOSOS BOSQUES, AS NOSAS ÁRBORES" no que colaborou todo o alumnado.





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**CEE TERRA DE FERROL**  
Rúa Irmandade de Doadores de Sangue de Ferrolterra s/n  
15405 Ferrol (A Coruña)  
Telf.: 881 930187 – Fax: 881 930203  
email: [cee.terra.ferrol@edu.xunta.es](mailto:cee.terra.ferrol@edu.xunta.es)